



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

31 JUL 2024 09:39:40

Entrada **34856**

Para o mantemento do emprego nos centros de traballo de Vodafone en Vigo e Pontevedra

Competencia
Subcompetencia
Tipo Expediente

Competencias de la Cámara
Control e información
184-Pregunta al Gobierno con
respuesta escrita.

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL
Diputado



Á MESA DO CONGRESO


O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso dos Deputados, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas ás accións emprendidas polo Goberno para garantir o mantemento de emprego nos centros de traballo de Vodafone en Vigo e Pontevedra.**

O pasado 14 de maio o Goberno español autorizaba a adquisición de Vodafone España polo fondo de investimento británico Zegona Communications, que opera baixo a estratexia “buy-fix-sell”, isto é “comprar-amañar-vender”, cun claro interese especulativo e sen un compromiso real por asentir a continuidade produtiva das compañías que adquire.

A operación, autorizada polo Consello de Ministros e Ministras, non incluía ningunha condicionalidade a respecto da fixación da actividade e o mantemento do emprego, como si se teñen aplicado noutras operacións recentes como foi a adquisición por parte de Orange do grupo Más Móvil.

Ao pouco de formalizar a adquisición e toma de control operativo de Vodafone España, Zegona promoveu o pasado 12 de xuño un Expediente de Regulación de Emprego (ERE), co que pretende reducir nun 36% do seu cadro de persoal, o que na Galiza representa arredor de 60 postos de traballo de alta cualificación.

Un ERE que carece de motivación legal e que se pretende aplicar sen ter explorado, como esixe a lei, outras alternativas que permitan a continuidade da actividade da compañía sen destruír emprego. Un despedimento masivo que se quere aplicar despois de que Vodafone España teña reducido nun 98% as súas perdas e facturado máis de 3 mil 400 millóns e euros no último





exercicio. Un ERE que se poderá aplicar sen contar con autorización administrativa previa por causa da non derogación da lesiva reforma laboral, introducida polo Partido Popular no Estado, e que suprimiu ese mecanismo de garantía.

Estamos perante o sexto expediente de regulación de emprego que se aplica en Vodafone nos últimos sete anos e que xa provocaron que na Galiza o cadro de persoal se teña reducido xa á metade dos 300 empregos existentes anteriormente. Asemade, a destrución de máis postos de traballo nos centros galegos de Vodafone vai ter un evidente efecto dominó noutras empresas do sector TIC que operan no noso País que lle prestan servizos de diferente índole.

Para alén do impacto laboral, este ERE vai afectar á calidade dos servizos, algún deles de carácter estratéxico e crítico, que presta Vodafone para distintas administracións e organismos públicos, entre elas o Sergas e outros servizos dependentes da Xunta de Galiza. Ademais, a destrución de emprego prevista comprometería a continuidade de proxectos, como a implantación de redes 5G, que contan cun millonario financiamento público.

Diante desta situación e do rexeitamento desa medida, que provocou a convocatoria de folga, nin o Goberno español nin a Xunta de Galiza teñen actuado no marco das súas respectivas competencias para evitar a destrución de emprego.

Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas ao Goberno:

1. Que medidas adoptou ou ten previsto adoptar o Goberno para evitar a aplicación do ERE que suporía a destrución dun 36% dos postos de traballo existentes nos centros de Vodafone España en Vigo e Pontevedra?
2. Como valora o Goberno que nos últimos sete anos os centros galegos de Vodafone España teñan padecido, con este, sete expedientes de



regulación de emprego que provocaron a redución á metade do seu cadro de persoal?

3. É coñecedor o Goberno do Estado de que a aplicación do ERE previsto en Vodafone España repercutirá negativamente en distintos servizos públicos de carácter estratéxico como é o SERGAS (Servizo Galego de Saúde)?
4. Que accións ten previsto desenvolver o Goberno para fortalecer o sector TIC, especialmente na Galiza, garantindo o mantemento do emprego no territorio e evitando as deslocalización?
5. Recuperará a preceptiva autorización laboral previa dos EREs para impedir que se sigan a producir situacións como as descritas?

Madrid, a 30 de xullo de 2024

Néstor Rego Candamil

Deputado do BNG no Congreso



A LA MESA DEL CONGRESO

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo establecido en el artículo 185 y siguientes del Reglamento de los Diputados, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su respuesta escrita relativas a las acciones emprendidas por el Gobierno para garantizar el mantenimiento de empleo en los centros de trabajo de Vodafone en Vigo y Pontevedra.**

El pasado 14 de mayo el Gobierno español autorizaba la adquisición de Vodafone España por el fondo de inversión británica Zegona Communications, que opera bajo la estrategia “buy-fix-sell”, esto es “comprar-arreglar-vender”, con un claro interés especulativo y sin un compromiso real por asentar la continuidad productiva de las compañías que adquiere.

La operación, autorizada por el Consejo de Ministros y Ministras, no incluía ninguna condicionalidad a respecto de la fijación de la actividad y el mantenimiento del empleo, como sí se han aplicado en otras operaciones recientes como fue la adquisición por parte de Orange del grupo Más Móvil.

Al poco de formalizar la adquisición y toma de control operativo de Vodafone España, Zegona promovió el pasado 12 de junio un Expediente de Regulación de Empleo (ERE), con el que pretende reducir en un 36% de su plantilla, lo que en Galiza representa alrededor de 60 puestos de trabajo de alta cualificación.

Un ERE que carece de motivación legal y que se pretende aplicar sin haber explorado, como exige la ley, otras alternativas que permitan la continuidad de la actividad de la compañía sin destruir empleo. Un despido masivo que se quiere aplicar después de que Vodafone España haya reducido en un 98% sus pérdidas y facturado más de 3 mil 400 millones y euros en el último ejercicio.



Un ERE que se podrá aplicar sin contar con autorización administrativa previa por causa de la no derogación de la lesiva reforma laboral, introducida por el Partido Popular en el Estado, y que suprimió ese mecanismo de garantía.

Estamos ante lo sexto expediente de regulación de empleo que se aplica en Vodafone nos últimos siete años y que ya provocaron que en Galiza la plantilla se haya reducido ya a la mitad de los 300 empleos existentes anteriormente. Al mismo tiempo, la destrucción de más puestos de trabajo en los centros gallegos de Vodafone va a tener un evidente efecto dominó en otras empresas del sector TIC que operan en nuestro País que le prestan servicios de diferente índole.

Además del impacto laboral, este ERE va a afectar a la calidad de los servicios, alguno de ellos de carácter estratégico y crítico, que presta Vodafone para distintas administraciones y organismos públicos, entre ellas el Sergas y otros servicios dependientes de la Xunta de Galicia. Así mismo, la destrucción de empleo prevista comprometería la continuidad de proyectos, como la implantación de redes 5G, que cuentan con una millonaria financiación pública.

Delante de esta situación y del rechazo de esa medida, que provocó la convocatoria de huelga, ni el Gobierno español ni la Xunta de Galiza han actuado en el marco de sus respectivas competencias para evitar la destrucción de empleo.

Por los motivos expuestos, el BNG formula las siguientes preguntas al Gobierno:

1. ¿Qué medidas ha adoptado o tiene previsto adoptar el Gobierno para evitar la aplicación del ERE que supondría la destrucción de un 36% de los puestos de trabajo existentes en los centros de Vodafone España en Vigo y Pontevedra?
2. ¿Cómo valora el Gobierno que nos últimos siete años los centros gallegos de Vodafone España hayan padecido, con este, siete



expedientes de regulación de empleo que provocaron la reducción a la mitad de su plantel?

3. ¿Es conocedor el Gobierno del Estado de que la aplicación del ERE previsto en Vodafone España repercutirá negativamente en distintos servicios públicos de carácter estratégico como es el SERGAS (Servicio Gallego de Salud)?
4. ¿Qué acciones ha previsto desarrollar el Gobierno para fortalecer el sector TIC, especialmente en Galiza, garantizando el mantenimiento del empleo en el territorio y evitando la deslocalización?
5. ¿Recuperará la preceptiva autorización laboral previa de los EREs para impedir que se sigan produciendo situaciones como las descritas?

Madrid, a 30 de julio de 2024

Néstor Rego Candamil

Diputado del BNG en el Congreso